

<http://cedofeita.arcanaverba.org>


Novos Cultivos

en Lérez "IV": O Kiwano

Pepe Álvarez

O kiwano (*Cucumis metuliferus*) é un dos cultivos exóticos que, cun mínimo de atencións, mellor se dá na nosa zona. Pertence ás cucurbitáceas, como as cabazas, o melón, etc, e a súa orixe está en África (Nixeria, Namibia,...), onde pode atoparse en estado silvestre. Tamén se cultiva no Brasil. É unha planta agabeadora que alcanza moita lonxitude, con numerosas ramas que, o mesmo cás follas, teñen pelos ríxidos coma os dos calacús. Para gabear axúdanse con zarciños que aparecen na base do pecíolo. As flores son pequenas e de cor amarela.

Os froitos son moi vistosos, de distintas intensidades de verde, a manchas que coa madureza toman unha cor amarela e logo alaranxada. Ten un tamaño duns 10 cm e presenta uns saíntes con pinchos fortes que dificultan a súa recollida. A parte interna semella a dun melón, pero cunha masa verde con moitas sementes e moito zume. Pode acadar os 300 gramos de peso. O sabor é refrescante cun sabor especial. Poden comerse tamén as pebidas, pois é difícil separalas da polpa. Emprégase en



cócteles, ensaladas ou consumíndoo directamente.

Necesita dun solo que non sexa moi húmido e ben aboado con esterco. É afectado polas baixas temperaturas, como tódolos cultivos tropicais. A sementeira pode ser directa no campo ou (máis aconsellable) preparando un sementeiro. As pebidas obtéñense lavando a polpa dentro dun coador e resregando ben; déixanse secar. No mes de abril prepáranse os testos, depositando dúas pebidas en cada un e protexéndoos do frío. Ó cabo dunha semana empezan a asomar as plantas. No mes de maio transplántase ó terreo, deixando entre as plantas unha distancia dun metro.

É conveniente cortarlle a punta do do brote principal e podar as ramas cando empecen a botar flores masculinas. Pódese poñer unha rede de entitorado ou arxóns e mesmo se pode deixar subir por unha árbore ou tea de cerramento. Os primeiros froitos empezan a aparecer a finais de xullo ou en agosto, estando maduros no mes de outubro. Non require coidados nin tratamentos especiais, pero hai que evitar xuntalos na recolección, pois coas súas púas dánanse e apodrecen. Se están sans, consérvanse moi ben durante meses.

